

## INFORME SOCIOLINGÜÍSTICO DA COMARCA DO BARBANZA

Trala análise sociolingüística levada a cabo nos centros de ensino que forman a Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística do Barbanza, constatouse que o alumnado desta comarca está padecendo unha **desgaleguización alarmante** que se aprecia sobre todo nos concellos da Pobra e de Ribeira. Nestes dous concellos produciuse unha fenda na transmisión interxeracional da lingua, que se manifesta ó contrastar os resultados das enquisas sobre usos nas familias (onde aínda predomina o galego entre as xeracións máis vellas) e os resultados das do alumnado (onde os usos do castelán son esmagadores).

As variables que inflúen de maneira determinante nos usos son semellantes ás que afectan ó conxunto da Comunidade:

- a) o hábitat: canto máis urbano máis aumentan os usos do castelán. Apréciase ó contrastar os datos da Pobra e Ribeira que contan con arredor do 15 /20 % de monolingües en galego, fronte a Rianxo que supera o 75% (e onde os monolingües en castelán escasamente chegan ó 5%). Queda no medio o concello de Boiro que ronda o 40% de falantes habituais de galego. Pero tamén dentro dos concellos máis urbanos existe unha diferenza entre o alumnado dos núcleos máis rurais fronte ós do centro das vilas (Aguiño en Ribeira roza o 50% de galegofalantes e no centro de Ribeira ou da Pobra chegan escasamente ó 10%). Con todo o caso da Pobra é o máis alarmante pois mesmo nos colexios de infantil e primaria, que teñen alumnado do rural, o número de galegofalantes é moi escaso, tanto que se dá a circunstancia dalgún

curso onde non hai ningún neno que aprendese a falar en galego e polo tanto que use nunca esta lingua.

A idade é a outra variable que inflúe nos usos do alumnado. Canto máis novos máis aumenta o uso do castelán. Con todo, esta tendencia xa leva anos asentándose e na análise sociolingüística realizada entre as familias, xa se aprecia que os pais do alumnado de infantil e de primaria das zonas máis urbanas teñen xa como lingua habitual o castelán. Incluso ás veces dentro do mesmo centro hai maior número de galego falantes nos cursos máis altos ca nos baixos, sobre todo en Boiro e Rianxo. Por exemplo, no IES Espiñeira de Boiro o galego é a lingua habitual para – aproximadamente- o 18% do alumnado da ESO e para o 52% do de Bacharelato. No IES Félix Muriel de Rianxo hai un contraste enorme entre o alumnado de 1º ESO que asegura que só nun 44% ten unicamente o galego como lingua habitual da familia e o de 2º de Bacharelato que o emprega nun 92%.

c) A terceira variable é a consideración negativa da lingua. Nas enquisas pasadas, tanto ás familias coma ó alumnado, detectouse que a inmensa maioría daquelas que son galegófonas teñen unha imaxe negativa da lingua, o que acaba repercutindo nos usos. Isto é, os prexuízos derivados de representacións negativas do galego levan a que os pais deixen de falarlles galego ós fillos. Un caso moi evidente é o de Palmeira, onde a maioría de pais galegofalantes ensínanlles a falar ós fillos en castelán.

Con isto enlazamos a presentación das **ACTITUDES**, polas que tamén se preguntaba na enquisa realizada.

Aínda que nunha lectura superficial dos datos da enquisa a valoración da lingua poida parecer positiva, non é así. Por unha banda, tanto a maioría do alumnado coma dos pais (no caso das EEI) consideran que as matemáticas se poden dar en galego e afirman que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece, pero logo xa non ven tan ben esa aprendizaxe bilingüe cando unha das linguas é o galego e tampouco están tan dispostos a recibir máis clases en galego, o que evidencia representacións negativas cara á lingua vernácula..

Os prexuízos son máis evidentes nos galegofalantes porque se senten estigmatizados, marcados pola súa lingua. Con todo, os castelanfalantes teñen unha consideración igual de negativa ou aínda peor ca aqueles. Nos colexios de Ribeira e da Pobra, sobre todo nos centros máis urbanos, onde son maioría os castelanfalantes, o alumnado non se manifesta contrario a ningunha medida normalizadora e di considerar a lingua como un ben útil, e que debe ser preservado (pero está claro, que o teñen que preservar outros...). Resumindo, a situación é moi preocupante desde o punto de vista dos usos pero estes non se van mudar mentres non se actúe sobre a imaxe que a poboación ten da lingua.